

## DOBREGALÚA

É sabido que a música e a poesía enlázanse a meirande parte das veces nun senlleiro nó. Este nome ben podería dar título a un poema, ou a unha historia que vén da infancia, desa parte da vida na que todo é posible e na que os soños son tan reais que pasan a ser principais actores.

“Dobregalúa” transpórtanos á noite, a unha noite de lúa e aos xogos dun neno que tenta collela e darlle formas coas mans da imaxinación.

Este foi o nome escollido para un grupo que xorde no ano 2021, froito dunhas tardes de xuntanza entre amigos integrantes da banda de gaitas Xarabal de Vigo, para simplemente gozar interpretando música do país na busca dunha sonoridade propia.

Nesas reunións musicais, nas que se combinan experiencia e a frescura das novas xeracións, xerouse un trío que pronto se fixo cuarteto dentro dun ambiente no que a creatividade e o afán de mellora eran os protagonistas.

O carácter pluriinstrumental dos seus compoñentes e a súa bagaxe musical xoga a favor dun resultado moi persoal na súa música, tanto nos arranxos dalgunhas pezas, na composición das súas propias, así como na integración de elementos musicais de raíz e doutras culturas.

A súa achega musical pretende co seu persoal son acústico encher un oco na música galega e contribuír a espallar a nosa cultura por onde os queiran escoitar.

### INTEGRANTES

- **Javier Abad - Bouzouki**

Estudou no Conservatorio Municipal de Vigo, pero o seu interese pola música tradicional veu da man do mestre Antón Corral na Escola de Instrumentos Populares da Universidade Popular de Vigo. Ademais, tivo como mestres a Patrick Molard e a Jean Luck Lemoin.

A súa traxectoria musical é de longo percorrido. Amais de colaborar con artistas de recoñecido prestixio, formou parte e gravou varios discos con emblemáticos grupos do panorama folk como Beladona, Lavam ou a banda de gaitas Xarabal á que pertence dende hai 31 anos.

Como gaiteiro solista e como integrante de diferentes agrupacións acadou salientables premios. Na actualidade busca redefinirse nos instrumentos de corda con temas de composición propia.



- **Alexandre González - Acordeón**

Iniciou os seus estudos de acordeón no 2009, con oito anos, na Escola de Música Municipal de Tui da man do profesor Jesús González. Amais diso, estudou percusión e piano no Conservatorio Profesional de Tui, así como asistiu a MasterClass con Víctor Prieto e Roberto Comesaña.

Formou parte do Grupo Didáctico do Obradoiro Antón Corral tanxendo a zanfona, bombo e acordeón. Tamén colaborou en diferentes agrupacións de música tradicional durante o seu camiño musical e vén participando como solista en varios eventos como “Música no Claustro” ou o Festival Ikfem. Nestes momentos forma parte de distintos grupos folclóricos: Grupo de gaitas e percusión “Santa Columba” de Ribadelouro (Tui) e bandas de gaitas como Arume de Malvas (Tui), os Zoqueiros do Porriño, Lembranzas Galegas e Xarabal de Vigo.



- **Ramón Corral - Percusións**

Comeza a súa formación en percusión na banda de gaitas Xarabal con sete anos, e con esta agrupación participou en festivais por toda a xeografía peninsular e mesmo Francia.

Formou parte do cuarteto tradicional Anacos de Buxo, co que gravou un disco, e do cuarteto Rédea Solta. Con eles conseguiu numerosos premios en concursos de música tradicional de renome.

Como percusionista ten acompañado a gaiteiros de recoñecido prestixio, entre eles, Pedro Álvarez Fariñas, Pablo Devigo, Xurxo Fernández, Oscar Ibáñez... Así mesmo, durante o ano 2010 foi compoñente do grupo Pelepau.

Dende o ano 2009 vén desenvolvendo o labor de artesán de gaitas no Obradoiro Antón Corral e o de profesor de percusión en grupos folclóricos e bandas de gaitas, como a Banda de Gaitas Xarabal, Arume de Malvas, lembranzas da terra de Guillarei ou o grupo de gaitas e percusión “Santa Columba” de Ribadelouro.



- **Carlos Coroas - Fruta**

Iniciouse como gaiteiro no eido musical no ano 2011, da man do mestre Abraham Fernández, co que comezou a tocar a gaita na banda de gaitas Xarabal de Vigo.

Participou durante a súa traxectoria en varias agrupacións de corte tradicional, e tras dez anos de percorrido como gaiteiro, tendo como mestres a Pedro Fariñas, Xiana Teixeira e Marcos Campos, decidiu complementar a súa experiencia instrumental de vento coa requinta.

